

Sr. D. Luis Seoane.  
BUENOS AIRES.

Querido Luis: Fai moito tempo que tiña o propósito de escribirte, mais sempre ando cheo de traballo e sin vagar abondo pra facelo.

Eu recibo "Galicia Emigrante" con toda regularidade. É unha revista espléndida e cada día está mellor. Penso, en data próxima, comenzar a enviarte colaboración miña casi constante.

Moitas gracias polo Munch. É unha monografía francamente boa.

Por eiquí a familia sigue toda ben de saude a pesares do forte temporal que continuamente nos agobia neste inverno. Eu, persoalmente, teño moitos proieitos para futuros ensaios, mais de momento coido que o importante é estudar moito i estar ben preparado para as conferencias que cada día piden mais, en virtude da inmensa inquedaanza cultural (inquedaanza realmente impresionante) que hay no país.

Vai aparecendo xente dos nosos tempos e toda ela pregunta por ti. Antonte estivo a tomar café Carlos Martínez Barbeito. Conoce a tua obra a través da monografía de Galaxia. Eu mostreille o libro de tapas e as estampas <sup>"de"</sup>campesinas, i o home quedou ausolutamente deslumbrado. Prometeume un traballo para "Galicia Emigrante". En canto o reciba, mandareino. I encareceume che fixese chegar ~~xxxxx~~ unha moi cordial aperta.

Cada día que pasa lémbrome mais e mais de Buenos Aires e de quele recanto garimoso e íntimo da tua casa. O millor e mais entrañable e conmovedor recordo da Arxentina está pra min sin dúbida algunha nas horas que pasamos Elena i eu a carón de vos, falando e falando, e tendo sempre presente como unha ouseción doce e amarga a un tempo as ruas compostelanas e a nosa aínda non esvaída -i si, aínda non esvaída!- mocidade.

Apertas, moitas apertas, e moi fondas, de Elena e miñas pra Maruxa e pra ti. E que este ano de 1956 faga realidade concreta e tanxibel istas apertas.

*Domingo*  
*Apertas tamén we Cuadrado.*